Ha actuado, a su vez, en series de televisión como *Pepe o inglés*, y en varios cortometrajes como *Formularios truculentos* (José Díaz, 2006), *Coco e Bobo de viaxe pola realidade* (José Díaz, 2004), *Sucesión Rosa* (José Díaz, 2004) y *Destroy Yourself* (Sergio Canai Rey, 2002). También intervino como figurante especial en el filme *Dagon* (2001) de Stuart Gordon.

Es el vocalista y letrista del grupo de música teatralizada vigués "Es un árbol".

Bernardo Martínez (*Músico*)

A Coruña, 1954



Estudió solfeo y percusión y música electroacústica con Ramón Codina en el Conservatorio de A Coruña; saxo y armonía en el Aula Taller de A Coruña y asistió a varios cursos en la Escuela Estudio de Santiago de Compostela para diferentes instrumentos. Igualmente, participó en los Encuentros y Seminarios Internacionales del Colectivo Música Libre de Madrid que se basan en la improvisación y la interpretación colectiva de los músicos integrantes.

Además de tocar en algunas orquestas en Galicia, ha formado parte de grupos de Folk como Leilía y Doa, del que es integrante fundador, y ha colaborado con cantantes de la talla de Quintas Canella, Emilio Cao, Bibiano, Pablo Quintana, Xosé M. Eirís...

Participó sobre todo en grupos de Jazz y nuevas músicas como Big Band Filloa Express, Clunia Sextet, Cuarteto de Saxofones Filloa, Grus-Grus, Quinteto de Cova Villegas, Jazzanga Clan, Orquesta de música espontánea Omega...

Compositor para música de cortometrajes y largometrajes, participa en montajes y actuaciones que integran cine, poesía, teatro-danza con música en directo; también colabora con música en directo en exposiciones, recitales de poesía y *performances*... Actualmente, es miembro del trío Ouriol de música espontánea y poesía, con Eva Veiga y Fito Ares.

Instrumentos: saxofón, clarinete, flauta, percusión (congas, batería, instrumentos étnicos), guitarra, mandolina, bajo, sintetizadores e informática musical.

Suso Alonso (*Músico*)

Zamora, 1967



De formación musical clásica, a principios de los años noventa comenzó combinando música y teatro con la compañía Chévere en la ópera musical *Annus Horribilis*, (Premio de la crítica de Barcelona 1995) y a la que siguieron los montajes *A rutina é o deber de todas as criaturas*, *Resaca*, *Órbita Mutante* (Premio María Casares 1998 a la Mejor Música Original) y *Hot Potch*. Fue también el intérprete musical en *Transviriato* de la compañía Acert (Portugal, 2001) e intérprete y compositor de la música original del espectáculo *O xardín dos contos* de Teatro Galileo, así como del documental *La columna de los 8000* (co-autoría con el chelista Carlos Ariel) basado en los horrores de la guerra civil en Extremadura.

Realizó el arreglo para piano de la obra *As árbores danzantes* de Francisco Pérez interpretada por el pianista Lorenzo de los Santos en la investidura oficial del presidente de la Xunta de Galicia, Emilio Pérez Touriño, celebrada en agosto de 2005.

Intervino como pianista en *Lili Berlín*, espectáculo músico-teatral-cabaret, junto a la actriz y cantante Blanca Cendán y al chelista Carlos Ariel, basado en el repertorio de Brecht-Kurt Weill. Con esta formación actuó en junio de 2006 en la pasarela Gaudí para acompañar el desfile de la colección de novias del diseñador Josechu Santana. Un mes después interpretó junto con el actor Víctor Mosqueira la música de la banda sonora de la película *Delicatessen* compuesta para serrucho y violonchelo.

Entre sus más recientes trabajos figuran los realizados como arreglista y músico en directo en la obra *El Burgués Hidalgo* (2007), para la compañía Teatro do Morcego bajo la dirección de Celso Parada, y la composición de la música del espectáculo *Sen Título 4x8x6* (2007), de Marcelino de Santiago para los Monicreques de Kukas.

Acostumbra acompañar con su música las películas de cine mudo del cineasta vigués José Gil e realiza colaboraciones musicales con el dúo cómico formado por Víctor Mosqueira y Evaristo Calvo: Mofa e Befá, con los que colaboró en la obra *Alma Mareira* (2006) de la compositora Graciane Finzi bajo la dirección de Ros Marbá.

Desde 1998 forma parte del grupo multimedia “Psicofónica de Conxo” con dos CD's en el mercado: *Psicópolis* e *Extramundi*, de “Reason for Life” dentro del campo de la música electrónica y de la Banda de la NASA en las Ultranoites. Forma parte do grupo “The Ellas” (la formación liderada por Luis Tosar) tocando órganos y pianos.

Ramón Orencio (*Músico*)

Santiago de Compostela, 1975



Cantante, actor y guitarrista; juega en el Tambre Piel, equipo de fútbol sala último en la última categoría en la liga de Santiago de Compostela. Estudió matemáticas aprobando sólo Topología de los Espacios Euclídeos. Actualmente engaña a sus padres diciéndoles que desde hace 11 años estudia empresariales.

Fue guionista del programa de la Televisión de Galicia *Luar* y le puso música a las Ultranoites de la sala Nasa durante cuatro años; a *Río Bravo 02* de la Compañía Chévere; a *O país da comedia* de Carlos Blanco; al *Imperial Café Cantante* de Teatro do Noroeste y a otros espectáculos como: *Festas do Circo*, *Match de improvisación cómica*, *O País de Nunca Xamais...*

Además, está ocupado en hacer perder sistemáticamente actuaciones a Champú & Champán por sus conciertos con los Cool Hamsters, Degüello y Ruso Negro.

ESCENA Quico Cadaval, o triunfador dos María Casares con cinco premios entre eles o de mellor espectáculo e director, di que "o mérito é dos actores"

O milagre de Noite de Reis



Quico Cadaval, no centro, entre Víctor Mosquera, á esquerda, e Xan Cejudo, premio a mellor actor secundario, nun ensaio de *Noite de Reis*

"Os artistas teñen que pensar no público, non no seu embigo", asegura o adaptador da obra de Shakespeare

V. Oliveira • Santiago

As quíntilas non defraudaron a Quico Cadaval (Rubelra, 1960). Dos nove premios polos que competera a súa adaptación do texto de Shakespeare *Noite de Reis* para o CDG nos Premios María Casares —que se entregaron o xoves á noite—, fíxose con cinco entre os que se inclúen a mellor dirección —que é a primeira vez que o recibe— e o mellor espectáculo. Este ribeirense, actor, director, contacóns, conseguiu este ano o milagre: desfacer o divorcio entre público e teatro. "O principal mérito de *Noite de Reis* é a enerxía dos actores que conseguen estar no mundo da comedia, todo o elegico conseguí levar ao teatro unha lista onírica, carnavalesca, de aí que levásemos o premio ao mellor espectáculo", asegura.

Cadaval coida que o traballo dos actores "está moi recoñecido tanto polo público como pola profesión" de aí que —ademais do premio a mellor dirección e espectáculo— tamén lograse o María Casares a mellor actor secundario (Xan Cejudo), mellor escenografía (Baltasar Patiño) e mellor vestuario (Gilda Boonpres), que comparte con *O Burgués Fidalgo* do Teatro do Marcego (La Cansella). Para o director de *Noite de Reis*, "é unha temporada moi boa, non sei se será algo astrolóxico", asegura. Ao seu vez, "o traballo máis importante foi o de Cándido Pazó con *A Piragua*, que conseguiu un teatro realista de



Cándido Pazó foi o outro protagonista da noite do teatro galego

O CDG ARRASA

Dominio claro do teatro público

Como se agardaba, o Centro Dramático Galego acaparáu a mellor parte dos premios grazas a *Noite de Reis* e *A Piragua*. Un dominio claro do teatro público que relegou a un segundo plano as compañías privadas. A gala dos María Casares que tivo lugar o xoves á noite no Teatro Rosalía de Castro respectou o guiño dos últimos anos, aforzando o ritmo a custo de reducir o espectáculo que se trasladou ao exterior en forma de alfombra vermella. Ernesto Chao recibiu o premio a mellor actor protagonista por *As Últimas Áreas* de Lagarta Lagarta e Mónica Casanueva conseguiu o galardón a

mellor actriz secundaria por *Enfrentados* de Teatro de Ningures. Suso de Toro leu o manifesto que conmemoraba os trinta anos de teatro galego. A escena do país, "despois de se inventar a si mesma, aínda ten que inventar o seu público", diñcia o texto. O premio de honra María Soto que recaeu en Rubén García, creador da Mostra de Teatro de Ribadavia, foi recoñecido pola súa filla pois a doenza que padece se lla impide falar. Cadaval lembrou o que un día lle dixo o xa falecido John Balar: "No teatro hai que dirixirse aos que están no galiteiro porque eles son os que foron ao teatro con máis ganas".

actualidade. Facer unha obra en galego e que sexa verosímil ten dificultades hoxe en día, sobre todo, nun país como o noso sen normalizar". O espectáculo de Cándido Pazó fíxose con cinco dos sete galardóns aos que optaba: a mellor iluminación, música orixinal, actriz protagonista (Susana Dams) e teatro orixinal (Pazó).

De *Noite de Reis*, Cadaval destaca "o encontro co público e cos adolescentes que moitas veces ven o teatro como unha obriga escolar. Por iso ver a festa que había cando vilian á obra parécese importante". Defecto, o espectáculo botou marcas con salas repletas en cada representación e case 15.000 espectadores. "Hai precedentes de éxito como *o Hamlet* que xa tiño 15.000 espectadores, *Río Bravo* ou *Colinas en filtro*, un auténtico resubivo. O que hai que facer é deixar de ser éxitos quinquenais, e que o público lle perdao medo ao teatro", engade.

Para iso propón "establecer pontes" aproveitando o éxito de obras como *Noite de Reis* ou *A Piragua* para "sacalle partido" así como "prolongar as temporadas" no momento no que unha obra funciona. "Os artistas teñen que pensar no público, non no seu embigo", sinala.

Nada opinión, "hai que deixar de ser agresivo co teatro. Hálvese que os medios de comunicación tratan as obras galegas con paternalismo, dicindo non están mal máis ser galegas. Se temos unha actitude de menos colonizada, mellor", opina. *Noite de Reis* terá unha xira en xullo por festivais como o de Arxenteiro, Braga ou Omedo. Cadaval está agora a traballar con Aida de teatro de Lugo cos que presentará o vindeiro 22 de abril na Mostra Internacional de Teatro Universitario a obra *A Ronda*, "un escape de encontros sexuais". ●

Entrevista

Quico Cadaval (Ribeira, 1960) atega de detalles sorprendentes a obra de Shakespeare 'Noite de Reis. Ou o que queirades' "unha obra onde as mulleres pensan e os homes choran", en palabras do dramaturgo. No elenco están os mellores actores, os máis creativos. "Non me interesan os que se deixan moldear como a plastilina". Ademais, o vestiario da gran figurinista Gilda Bonpresa, coa que Cadaval traballou xa en 'Se o vello Simbad', consegue aquilo tan difícil de ver no teatro español: que a roupa esquivase o disfraz e adquira unha significación real. Poden vela no Salón Teatro de Santiago até o 21 de outubro.



QUICO CADAVAL no escenario de 'Noite de reis. Ou o que queirades', a obra que dirixe para o CDG no Salón Teatro de Santiago

"Os católicos non podemos facer comedia fina"

Textos: **Marga Tojo**
Fotos: **Misael Escudado**

W O Real Madrid ten moita historia, pero se ficha os xogadores do Estoril, en lugar de a Zidane, xogará como o Estoril, non como o Madrid. Pois o mesmo pasa co Centro Dramático Galego, que é só a institución, pero o equipo artístico pode mudar de cada vez". O siml, no que Zidane fai do dramaturgo Quico Cadaval, é do actor José Manuel Oliveira, Pico, e responde a unha das felicitacións máis repetidas do momento para o elenco de Noite de reis. Ou o que queirades, a obra de Shakespeare que dirixe o elenco para o CDG e que estes días se representa no Salón Teatro de Santiago: "Nacboa, non parece do Centro Dramático" ou "Está moi ben, non berran,

non parece do CDG". Claro que, de todas as críticas, ningunha tan salientable como a que lle regalou un amocionado rapaz da instituto a Cadaval: "Non me diverte tanto desde o ascrobollón de Carlos".

O director, coñecido contador de historias, acode á entrevista co programa dun slapso que se celebrará o vindeiro mes na Facultade de Filoloxía da USC arredor da coñecida e ao que el acudirá como relator.

A súa conferencia clímaxe: 'Nove xéneros orais'. Que hai do novo?

É o título que lle puxeron. Considérase que a aparición da narración oral profesional nos bares é un novo xénero. Realmente é un novo espazo. En realidade é un xénero teatral: parece ao monólogo

no rapado e ao cabaré literario de entreguerras. A cuestión é que é un espectáculo moi suxerido que tivo un éxito espectacular e mantívose os poderes públicos estiveron tentando axudar economicamente a moitas formas expresivas, resulta que a máis barata de todas ten un éxito máis claro e mensurable.

Todo xurdiu en Compostela?

Cando comezamos no bar Atlántico había bares de espectáculo, como o bar de Los Ron na Coruña, o Clavicular de Lugo, locais que tanto che traían un cantantur como un espectáculo de Mofa e Bofa. Lembro que no

de Los Ron, María Pujalte fixera un repertorio de música brasileira con guitarrista e tamén había monólogos raros. Lembro cando Celso Parada levava a obra de Dario Fo, Misterio Buffo, un espectáculo que foi concebido para o teatro. Logo

nos anos 90 comezamos a contar ao Atlántico e metemos nos bares moita cousa que estaba nas bibliotecas: a narración.

E onde escucha a insidia dos monólogos televisivos?

Iso foi despois. Lembreime ben, porque coincidín co director de Canal + minha comedia en Santiago e díxome que ía montar un programa e

que quería contar comigo desde o principio: era El Club de la comedia.

E que pasou?

Nunca máis se soubo.

Mal decisións que condenan un produto á mediocridade.

De todos os xeitos, o produto non é novo, porque foi usado da Stand Up Comedy inglesa e americana.

Onde comezan Woody Allen

Si, e tamén o caricato de Jim Carrey. E, de feito, o Stand Up Comedy é moito máis interesante que a historia esta dos monólogos, porque son humoristas en medios adversos, que intentan convencer a xente. Normalmente son en clubs onde o público se converte en compañía e ten tamén un carácter estético porque pode protestar, rasear...

E hai o momento de risco porque o público pode expulsarte -de aí o nome stand up, aguantar-. Nos programas reproductivos, como El Club de la Comedia, non existe risco ningún.

Tamén o público perdeu moito nos últimos anos

Ao público da tele non se lle pode chamar público, só espectadores, porque o público é o pobo, é activo. Por iso en Lugo pouco diñen, víñen díxonos que díñen, que a comedia tiña que buscar o contacto co público. En realidade todo o teatro ten que buscar o contacto co público, aínda que a comedia acaba

"Unha cousa é que gustes das historias de amor, de ler sonetos e de bailar boleros e outra crer que a vida é iso. Noite de reis desmente o amor como redención".

Entrevista

de facerse cando hai público, máis que ningún outro xénero teatral. Por exemplo, iso é evidente nesa comedia que nunca montares: *A importancia de chamarse Hernesto*.

Para vostede é un grande admirador de Wilde.

Si, si, milustiano, pero non suberria facelo. Tello unha teoría sobre a alta comedia, a comedia fina e elegante, para a que os católicos estamos impedidos polo bautismo. A cultura católica nunca lle deu importancia á intelixencia e á paixón, e, polo tanto, a comedia intelixente, a nós non nos sae.

Con Mofa e Befa fixeramos

unha parodia sobre iso. Que fai un actor de aquí cando está nunha comedia inglesa? Pon cara seria e levanta unha cello. Os Estudio 1 de hai vinte anos eran así. A comedia italiana diría, por exemplo: "Onde facías testes de foder, non houbo quen durmira en toda a noite"; o humor católico diría: "Onde non houbo quen durmira, estivo a vos rexear a cama toda a noite, vai haber que suadina, debe estar estropeada"; e a inglesa sería: "Non sei como hai persoas que son capaces de mirarse á cara no almuerzo despois do que fixeron toda a noite".

E que pasa con Shakespeare, entón?

Esa é unha pregunta moi astuta, porque Shakespeare é pre-británico, en realidade, porque está na fundación da cultura británica, que logo afinou. De feito, a el criticárono moitas veces porque as súas obras non responden a unha fiel representación do real, que é algo moi valorado polo canon británico: mozas que se visten de nozas, pais e fillos que non se recoñecen... iso é Shakespeare, que se inspira moito na cultura popular inglesa. Por iso en *Noite de Reis* temos por aí a un bobo que fai de cura, de exorcista, o abade Rouco, chámase, que é algo moi groso, moi popular. Shakespeare colle moito da tradición previa ao cinema, da comedia italiana máis abraiante—por iso ten máis argumentos italianos que ingleses—.

É Shakespeare coma varios en un único actor?

Que o fuxese de Shakespeare, pero non me corresponde a min falar diso. Podería ser que fose así, que fosen varios, pero a min o que me interesa de Shakespeare é que era un poeta monstroso, un tipo que inventa uns personaxes fantásticos e nos describe cousas do interior do pensamento humano. É logo en canto á construción teatral, puido haber achegas da compañía. En *Noite de Reis* cortei moito texto no que me facía referencia a noticias dos días en que se representaba a función. Alíxase a trama cómica que facía referencia a esa actualidade. Sobre todo, interesábame o ataque que lles fai nos pu-

rinanos, dun puritanismo definido como persoas que cre que deben seguir todos os demais, en tenei tratar a Shakespeare como a un colega.

É unha obra contra o puritanismo.

Si. Na trama cómica Malvolio, un puciano, quere impoñer a moral aos demais. Ten un temperamento escuro, porque lle molesta a alegría dos demais. É o que os portugueses chamaban "estragapances" e os casteláns "agualicados". Na obra hai un ataque contra todos eles. A obra de Shakespeare é moi vitalista.

É o referente que tello máis cercano, pero hai unha escena moi ben resolta na que a obra pense tarantimiana, cando cometa a posición dos actores.

Si, non é exactamente tarantimiana, porque é un recurso teatral moi antiquado. Haino aínda máis antiquado que é o de alocar con ausencia de luz os actores paralizados. Este recurso nos libros chámase cuadro escénico e aquí úsase para facer máis libia a escena.

É mesmo obvio que o de esquecer os actores.

É menos didáctico, porque o outro trata o espectador un pouco como

parvo. Iso talvez se deha ao talento de iluminador que non quixo usar un recurso tan sobado porque, ademais, o público actual acepta moi ben ese tipo de códigos porque están na maraga e talvez a tarantimiana vénlle de aí. É no maraga vénlle do teatro japonés, porque sabe vostede que no teatro kabuki dando a un personaxe lle pasaba algo moi importante, un cambio drástico e quere vinganza, o actor fa quedando paralizado, inmóbil e os demais actores ao seu arredor comezaban a dicir: está furioso, quere vinganza...

Entre o elenco están algúns dos

seus habituais e outros menos coñecidos para o público—ou para min—.

Si, o elenco é moi bo porque son actores e creadores. É o que máis me interesa destacar de todo iso, porque achegaron grandes matices aos personaxes e en ningún momento ficaram no superficial. O meu traballo foi elixilos ben e facer que non se durmisen en ningunha escena. Tamén os técnicos desta obra son crendores. Non son un doses directores harras que queren que os actores semoldeen como plastilina. Non me interesa ese tipo de profesional.



PARTE DO ELENCO de *Noite de Reis* fotografados nas ruas de Santiago por X. Rey

A obra reconcilia co amor ou desmante o seu poder?

As veces pasas unha etapa moralista e ao ver esta obra decátate de que hai que gozar sen máis, porque o amor remedia, pero non redime. Esa cousa melodramática de "foi refilmito polo amor" é unha parvada. "Non, mira, vaille un pouco mellor agora que anda con esa avela", pero iso de perder todas as súas cadeas, os seus traumas... non serve como concepto. Unha cousa é que gostes das historias de amor, de leronens e de bailar holeros e outro que creas que a vida é iso. Isto é o que cría Orsino, que só consumía produtos derivados do amor, e non fundonaba. Daquela chega unha rapaza, esmúllono e di: "Non se acanar a este mono que está equivoado". E aí chega o amor real, que é unha melloría. No final Orsino ten unha recaída do amor enfermizo e entón Rebeca Montezón espéitalle un morreo, para que non se lle pase o efecto.

Se anda paréceme a min, porque



CADAVAL entre Víctor Mosquera e Xan Cejudo, dous dos actores da comedia shakespeariana, no camerino do Salón Teatro

O CDG propón un Shakespeare “cheo de optimismo, paixón e luz”

TEATRO ▶ Quico Cadaval, o director de 'Noite de Reis', leva mañá ao escenario unha montaxe sen prexuízos “para mellorar o pulso sanguíneo” ▶ María Bouzas, Xosé Manuel Oliveira, Rebeca Montero e Marcos Orsi, entre os actores

REDACCIÓN XENIAS • SANTIAGO

As dificultades para conseguir o obxecto amoroso larecan no corazón da montaxe teatral *Noite de Reis. Ou o que queira des*, baseada nunha comedia de William Shakespeare, e que chegará mañá, ásaí horas, ao Salón Teatro de Santiago da man do Centro Dramático Galego. Quico Cadaval, o director teatral da peza, presentou onte unha obra que é un divertido xogo de enredos, contratempos, malentendidos, enganos e desenganos cun “apaloxante” historial de amor e desamor”, en palabras de Cadaval.

A música é un dos fios condutores d'esta montaxe que, sinalaba onte o seu director, está “chea de optimismo, paixón e luz”. Cadaval destacou que toda a música empregada é italiana e “está relacionada co venereo”, xa que as composicións pop deste país teñen a capacidade de “pór de bo humor”.

Cadaval asegurou que calquera obra de Shakespeare é, en si mesma, “unha razón” para representala e agregou que, ao ser unha comedia, trata o tema con “certa lixeireza e non compromiso co espectador”.

A adaptación do texto consistiu nunha tradución ó galego da obra de Shakespeare, na que se eliminaron “monólogos barrocos, xogos de palabras que perden o sentido e as referencias política da época”, dixo o director. Ademais, explicou que a súa



Xosé Manuel Oliveira, esda., Víctor Mesquero e Xan Cejudo, na representación de 'Noite de Reis'

LA CLAVE

Xira e funcións por toda Galicia

▶ Tras as funcións na capital galega, a obra seguirá de xira até o mes de xaneiro de 2008, pasando por Ourense, Carballo, O Barco de Valdeorras, Ferrol, Vigo, Pontevedra, A Coruña, finalizando as funcións no Auditorio Municipal de Narón o 18 e 19 de xaneiro. ■

intención foi introducir “un trasego longo” para darlle ó espectáculo “resonancia poética”.

A montaxe dirixida por Cadaval é unha produción propia do Centro Dramático Galego na temporada 2007-08 e o elenco de actores está composto por Rebeca Montero, María Bouzas, Xosé Manuel Oliveira, Marcos Orsi, Susana Dans, Víctor Mesquero, Xan Cejudo, Marcos Correa, Borja Fernández, Simone Negri e os músicos Bernardo Martínez, Suso Alonso e Ramón Orenco.

F. estau ademais a súa col-

aboración artística para a posta en escena Baltasar Patiño (espazo escénico e iluminación), Gilda Bonprea (figurinos), Bernardo Martínez (espazo sonoro e dirección musical) e Dolores Centeo (maquillaxe). Como xendarmes de dirección, encabezan Marta Lago e Rebeca Montero.

Noite de Reis é unha comedia en cinco actos do dramaturgo e poeta británico. Esta foi unha das primeiras obras de William Shakespeare, xa que se presume que foi escrita entre 1599 e finais de 1601.

Cartelera y críticas

TEATRO «Noite de Reis. Ou o que quirdades»

Comedia á italiana

Camilo Franco

Os desocupados son xente ideal para a comedia porque acaban enredando con calquera cousa e para esquivar traballar acaban pasando moitos traballos. As personaxes de *Noite de Reis* son xente desocupada e por iso acaban ocupándose uns dos outros para beneficio do rebumbido controlado e do canon occidental.

A recién estreada montaxe do Centro Dramático Galego é unha comedia de praia absolutamente cómoda coa idea de que o teatro é para entreter. É unha comedia que se toma en serio a si mesma: leveira, veloz e desvergoñada. Haberá outras formas de comedia, pero non son esta. A esta chégalle coa diversión.

Shakespeare é a única estrutura de Occidente que aguantaría un ataque nuclear, quizais por iso aguenta con tanta soltura as numerosas travesuras de Quico Cadaval na superficie do texto. Cadaval reescribe sobre as intencións do autor e ponlle chispa de xogos de palabras que Shakespeare non tiña por que intuír. O director manexa o autor como a materia prima que lle botan as velas cocineiras ao caldo. Logo vai bocando ao caldeiro unha morea máis de adobos de ampla espectro para que a comedia quede máis do gusto do espectador de hoxe. É a comedia



A obra persigue como primeiro obxectivo a diversión. **JAVIER VILLANOVAS**

está resulta cos aparente frivolidade dos poderosos, a necesidade de cabeza dos pobres, coa frescura dos que viven pola curta e mesmo coa inocencia dos primos que levan os petos demastado abertos.

Está resolta cun sentido do humor despreocupado, brincando constantemente cos instrumentos da parodia, deixándose levar polo escaso medo ao ridículo das personaxes.

Esas son as fugas, pero a comedia funciona como se resolven algúns problemas de matemáticas, cunha eficacia digna das chistes e permíndose só algúns altibuxos ligados a escenas que xustifican o avance da trama. A comedia gústase máis escena por escena e por aí que a fin resulte máis urxente do que o tempo anterior suxire, como se o desenlace fose

menos importante que o enredo. Outra perspectiva para a comedia.

Háí tempo que o CDG non parecía gustarse tanto a si mesmo. Debe de ser porque a música alixeira as estruturas e *Noite de Reis* probou un máis que afortunado cruce de culturas entre un Shakespeare burlesco e as cancións italianas que sempre din per cã. O resultado é o alixeiramento do pulso e case todo o mundo sabe que o Centro Dramático Galego mellora en canto perde peso. Pero a música é algo máis que unha referencia porque o ambiente da historia responde tamén a ese xeito apegadizo con que a música de San Remo se impuxo na cultura popular co azul excesivo do mediodía.

«Noite de Reis», CDG, Salón Teatro, Santiago. De viernes a domingo.

A actriz María Bouzas volve traballar co Centro Dramático Galego tras varios anos de ausencia

Quico Cadaval dirixe «Noite de reis», que abre a temporada no Salón Teatro

Camilo Franco

SANTAGO | Shakespeare non necesita motivos. O Centro Dramático Galego estreará mañá a súa cuarta versión sobre obras do autor inglés. *Noite de reis* foi a montaxe presentada onte nunha rolda de prensa con número musical incluído e na que a directora do CDG, Cristina Domínguez, asegura que se trata dun texto de Shakespeare «con moito de Quico Cadaval».

Cadaval dirixe unha peza con circunstancias de prala e xente que anda enleada en cousas do amor e, máis problemático aínda, do desamor. O director desta obra que abre a temporada do CDG sinalou ao longo da presentación que o obxectivo da comedia era contentar ao espectador, sen abandonar o ton de comedia. Cadaval apuntou que «hai dous tipos de teatro, o que obriga ao espectador a facer boas obras en canto acaba a montaxe, e o teatro que invita ao espectador a ocuparse de si mesmo». Neste último caso, segundo Cadaval, «está a comedia»; e «a xente sae máis contenta das comedias porque pensa que o tempo foi gastado nas súas cousas e, polo tanto, os cartos non foron tirados».

Un reparto, escollido papel por papel e «cos mellores intérpretes para cada un deles», segundo Cadaval, serve para colocar á obra que se estreará mañá no Sa-



Presentación da obra «Noite de reis» onte en Santiago | ANDRÉS NALLESTÉN

lón Teatro nun cruce no que, sobre as palabras de Shakespeare, aparece a música italiana dos sesenta. Para Quico Cadaval, «está demostrada cientificamente que esta música é especialmente boa para alegrar á xente e por iso acáelle moi ben a este grupo de persoas que non teñen nada que facer máis que enredarse e que viven como en un período estival permanente». Pero a música non está enlatada. Tres músicos completan o elenco como quen amenizan a velada dun casino ou dun hotel mediterráneo. A melodía sen letra é como una escalera sen pasamóns, así que

os actores teñen que cantar, o que, polo explicado na presentación de onte, non é un problema, senón un cometido máis para completar o carácter de comedia da peza. María Bouzas, que volve ao CDG tras anos de ausencia, mostrouse encantada coa obra e coa música.

Cadaval explica tres decisións de cando comezou a traballar nun Shakespeare por conta do CDG. A primeira delas é a de entender que «as comedias deben ser lixeiras». Neste sentido, o director asegura que «cortara aquelas partes do texto que entorpecían a comprensión do dis-

curso de comedia». A segunda decisión é conservar no posible a sonoridade de Shakespeare e para iso deixou «que o texto sae algo antigo, porque o espectador ten dereito a esa sensación de que está escoitando ao autor con esa forma particular de expresarse». A terceira decisión é ese cruce italiano e musical. Cadaval considera que para os ingleses da época isabelina «Italia era unha referencia sensual, cortesá, amorosa». «O que fago é devolver un certo sabor italiano aproveitando referencias que son parte da cultura popular», conclúe o director.

Hai veces nas que os críticos temos que rendernos e recoñecer que o fin xustifica os medios. Digo isto porque bufei con fastío cando souben que o CDG optaba outra vez por unha obra de Shakespeare.

NOITE DE REIS (OU O QUE QUEIRADES)

Autor: W. Shakespeare
Compañía: CDG.

Director: Quico Cadaval

Elenco: Rebeca Montero, María Bouzas, Xan Cejudo, Susana Dans, Manuel Oliveira Pico, Marcos Orsi, Víctor Mosqueira, Borja Fernández, Marcos Correa, Bernardo Martínez, Suso Alonso, Ramón Orenco, Simone Negrin

Espazo escénico e iluminación: Baltasar Patiño

Figurinos: Gilda Bonpresa

Dirección musical: Bernardo Martínez

re, cando a compañía pública aínda non nos ofreceu a posibilidade de ver e oír a grandísimos autores da dramática universal que tanto nos poden dicir (Lope, Brecht, Calderón, Ionesco, Beckett, Heiner Müller, Sarah Kane). Desde o principio souben, con todo, que a elección de Quico Cadaval era máis ca acertada, a pesar do texto.

Noite de reis é unha das pezas shakespeareanas que peor resiste o paso do tempo, parecéndonos hoxe inverosímil e ñoña por veces. Por iso, habendo tanto autor e tanta obra, empeza a parecer que o CDG só sabe recorrer a Shakespeare cando necesita unha inxección de espectadores. Pero aí estaba, xustamente, o acerto. *Noite de reis* ten un deses tiróns que dan visibilidade ao CDG e a todo o teatro galego. Xerou públicos; políticos que nunca eu vira no teatro facían cola; listas de espera nas taquillas. Unha vez máis, a maxia de Shakespeare nos arredores dos teatros. O teatro galego, é sabido, está necesitado dese tipo de alquimias.



A maxia inexplicábel de Shakespeare

Inma López Silva

Pero que ten este *Noite de reis* que tanto gusta? En primeiro lugar, Cadaval propón un Shakespeare destemporalizado, con guiños aos anos trinta e, sobre todo, cunha selección musical baseada na música romántica italiana e nos seus estereotipos coma o que desenvolve Marcos Correa no papel de Orsino. A opción, por afastada que pareza da escena isabelina, dá excelentes resultados. En segundo lugar, o regreso de María Bouzas á escena galega, ten un certo tirón que se ve incrementado por un elenco magnífico cun bo dominio dos códigos do humor. Neste senso, quedo cos actores que desenvolven a acción dos criados, Pico, Orsi, Cejudo e Susana Dans, que ofrecen algún dos

mellores momentos do espectáculo. Rebeca Montero, aproveita habilmente a dualidade home-muller e a pouca credibilidade coma o primeiro para desenvolver, xunto con B. Fernández, o que, na miña opinión, é o cerne da proposta de Cadaval: a ruptura das convencións de xénero. En terceiro lugar, a figura de Víctor Mosqueira como gracioso, desenvolvendo un papel fundamentalmente versátil, carga as tintas na risa. Despois, unha escenografía ben deseñada, chea de elementos simbólicos, e cunha boa resolución do espazo a través do dobre nivel. E,

por último, os músicos en escena, dialogando a miúdo en xogos metateatrais co público e co argumento, constitúen un bo marcador de ritmo que converte a obra en áxil e divertida, dándolle un toque á moda, con esta tendencia ao musical que nos asolaga.

Seguramente eses son os ingredientes que se procuraban no CDG coa decisión de regresar a Shakespeare: axilidade e diversión para darlle outra xeira á conquista do público. Este, acrítico na súa vontade de ocupar do mellor modo posíbel o seu tempo de lecer, non repara en que o argumento pouco máis conta ca un simple enredo. Pero, onde quedaría o teatro sen o lecer?

ESPAZOS CDG (Institucións e entidades colaboradoras)

